



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Telefón: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdiaroma.es

SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA

DIA 10 DE NOVIEMBRE DE 2016

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.00 horas do día 10 de novembro de 2016; a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, coa ausencia de D. Juan Carlos Portos Bra, e coa asistencia da Secretaria do Concello Carmen Gómez Otero.

ORDE DO DÍA

1.- MOCIÓN DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS.-

Expón este punto concelleira do BNG, Dona Nelly Iglesias Rey cuxo grupo solicitou a convocatoria desta Sesión, procedendo a dar lectura á moción co teor literal seguinte "(...) *A aplicación da LOMCE consagra cuestión totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamentalmente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociación que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das Comunidades Autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.*

Pala alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretender pór as maiores trabas posibles para a continuación dos estudos. Obedecen pois a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado, así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias,



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindibles para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

A continuación solicita do Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.

2.- A esixencia de que a Xunta de Galiza solicite ao Goberno do Estado a derogación da LOMCE.

3.- Instar á Xunta de Galiza a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país

A continuación o Sr. Alcalde procede a dar lectura á resposta do PP de Galiza á moción do BNG sobre a aviación da LOMCE

“ (...) 1. Por qué a LOMCE?

A LOMCE xorde como solución a un caso de urxencia extrema: o estado do sistema educativo español. Un sistema que levaba vinte anos nun estado de saúde crítico e dende logo, era preciso un cambio lexislativo urxente.

A LOMCE non é unha nova lei que veña a mudar por completo o sistema educativo, senón unha reforma sentada nas bases da antiga LOGSE, modificando e modernizando cousas que hoxe xa non teñen cabida ou que foron un auténtico fracaso.

Deberían de ser conscientes igual ca nós que o mal estado do noso sistema educativo en toda España é propiciado pola lexislación educativa vixente.

2. Cumprir coa LOMCE

O PPdeG traballa por un proceso de mellora do sistema educativo de Galicia, buscando acadar ese nivel de excelencia desexado para o noso sistema, pero cunha premisa clara: respecto á lei vixente.

Xustamente porque o goberno galego si cumpriu coas “regras do xogo” -aínda que non estivera de acordo con elas- e iso que levamos arrastrando os problemas da LOGSE e da LOE en Galicia durante máis de vinte anos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

E xustamente porque nós si que respectamos o cumprimento das leis aprobadas, hoxe podemos avaliar cos datos na man que as leis socialistas – LODE, LOGSE, LOE- foron un fracaso e que o sistema educativo español sufriu un retroceso increíble en todos os niveis .

Dende logo desde o PPdeG non vemos a actitude de determinados partidos como construtiva e democrática e moito menos, pedagóxica pensando nos valores sociais que o noso alumnado recibe con este tipo de prácticas de incumprimento democrático.

Neste sentido, cabe recordar tamén o artigo 9 da Constitución española

1. Os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico.

2. Correspóndelles ós poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

3. A Constitución garante o principio da legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restrictivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e maila interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

En conclusión:

1- a LOMCE xorde como solución a un modelo que non funciona, e eso é indiscutible.

2- a LOMCE está feita por un goberno lexitimado para facelo.

3- as leis están feitas para ser cumpridas...polo menos, nunha Galicia e nunha España democrática.

3. Probas de avaliación

- Non debemos confundir de forma arbitraria á poboación : en ningún momento se fala de reválidas, son probas individualizadas de carácter estritamente informativo e orientador.

- Os resultados obtidos non repercutirán no expediente académico do alumnado. Pero si permitirán implementar plans específicos individuais para a mellora da aprendizaxe co fin de atallar e corrixir todo aquilo que se se detectara na proba e que poida servir para mellorar o noso sistema educativo.

Neste sentido, convén recordar que a LOE (lei orgánica de educación) 2/2006, de 3 de maio (PSOE) reconece no seu preámbulo a importancia da avaliación do sistema educativo como factor de calidade educativa e transparencia do propio sistema.

A LOE socialista xa introduce como novidade a realización de avaliacións de diagnose das competencias básicas acadadas polo alumnado.

- o artigo 144 da citada LOE regula a avaliación xeral de diagnose.

- os artigos 21 (para Educ. Primaria) e 24 (para Educ. Secundaria) falan da avaliación de diagnose e establecen a finalidade de que todos os centros avalien de forma periódica e sistemática as competencias as competencias acadadas polo seu alumnado.

- na LOE establécese a PAU como a proba de acceso á universidade.(...)"



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruma.es

Polo tanto, nun momento político de moita incertidume como o actual, no ámbito educativo é máis que necesaria que nunca unha actitude de consenso e de colaboración.

O Alcalde, a continuación manifesta que o voto do grupo municipal do PP será de abstención debido a que se está a traballar dende o Congreso nun Pacto de Adecuación. Habrá que modificar a LOMCE dende o consenso.

Con tres votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG, e sete abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP acórdase a aprobación da moción referenciada.

2.- MOCIÓN DE OPOSICIÓN AO VERTEDOIRO NO CONCELLO DE LOUSAME.-

Comeza a exposición da moción a concelleira do grupo municipal do BNG Dona Lorena Suárez Pardo, co teor literal seguinte:

" (...) O Diario Oficial de Galiza nº 176, do 15 de setembro pasado, publica o anuncio da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste S.L. no Concello de Lousame (A Coruña).

Analizada a documentación sometida a información pública, logo nos decatamos de que a súa denominación como "centro de xestión ambiental", non é máis que un eufemismo que agocha a verdadeira intención de instalar un macro vertedoiro nas inmediacións do Monte Culou.

Un macro vertedoiro que ocupará 20 hectáreas e que actuará asociado a Sogama, tendo previsto recibir nos 10 anos de vida útil un total de 700.000 toneladas. Das 100.000 toneladas de residuos que acollería anualmente o 80% (máis das ¾ partes) rematará no vertedoiro.

Se debullamos polo miúdo o proxecto atopamos que malia á insistencia en presentalo como unha instalación da reciclaxe e aproveitamento dos materiais contidos nos residuos, a súa verdadeira función é a de soterrar a maior parte do lixo no citado vertedoiro. Ademais só un 10% aproximadamente dos residuos acollidos serían transformados en combustíbel para os fornos das cimenteiras ou cando cadre, para unha nova incineradora, como prevé o Plano de Residuos 2010-2020 da Xunta de Galiza.

É público e notorio que o BNG está a avanzar nun modelo de xestión dos residuos baseado nos 3Rs e no impulso da compostaxe que supere o modelo se SOGAMA (por ineficaz, esgotado e contaminante) como ben demostra este intento de instalación dun novo vertedoiro.(...)"

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Frades a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 0 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Opóñerse á instalación do denominado centro de xestión ambiental de Lousame promovido pola empresa “ Gestora de Residuos del Noroeste SL” por lesivo para o medio ambiente.

A continuación o Pleno da Corporación, por maioría absoluta ACORDA aprobar a moción.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde levanta a sesión cando son as 14,32 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria que dá fe.

Vº e Pr
O ALCALDE
CONCELLO DE
FRADES (A CORUÑA)
Asdo.: Roberto Martínez

A SECRETARIA
CONCELLO DE
FRADES (A CORUÑA)
Asdo.: Carmen Gómez Otero